

<https://info.nodo50.org/Huelga-General-de-septiembre-de.html>



# Huelga General de septiembre de 1972 en Vigo

- Noticias - Noticias Destacadas -



Fecha de publicación en línea: Viernes 7 de septiembre de  
2012

---

Copyright © Nodo50 - Todos derechos reservados

---

**1972 será recordado en Vigo como el año en que miles de trabajadoras y trabajadores se levantaron contra el franquismo en diversas huelgas generales, rompiendo al mismo tiempo con las direcciones políticas y sindicales reformistas.**

**Especialmente larga, masiva y revolucionaria fue la de septiembre, de la que se cumplen ahora 40 años.**

**Reproducimos un trabajo elaborado por Manuel Mera en octubre de 2001.**

**Al mismo tiempo adelantamos que se están preparando en Vigo actos conmemorativos, de los que informaremos en nuestra agenda.**

Cronología a grandes rasgos:

Viernes 6 de septiembre

El comité de empresa de Citroën Hispania reivindica la jornada de 44 horas en la negociación del convenio colectivo. Se convoca una jornada de lucha para el sábado.

Sábado 9 de septiembre

Por la mañana comienzan los paros parciales en Citroën para la reivindicación de las 44 horas. Por la tarde, la empresa comunica el despido a 5 trabajadores y expediente a otros cuatro sindicalistas.

Lunes 11 de septiembre

A las seis de la mañana los trabajadores se concentran en la fábrica e inician una marcha hacia Reyman y Barreras para pedir la solidaridad de los trabajadores. Vulcano se sumó al paro y una manifestación recorrió la ciudad. Se pedía la readmisión de los despedidos.

Martes 12

A las seis de la mañana, las fuerzas policiales cargan contra los trabajadores de Citroën, que vuelven a tener el apoyo de Barreras, Freire, Refrei y Álvarez. Se producen las primeras detenciones. La empresa se niega a negociar la readmisión y la huelga se extiende a Vulcano, Santodomingo y Artiscar.

Miércoles 13

Llegan refuerzos de la policía armada de León y Valladolid. La concentración de trabajadores ante Citroën recibe una nueva carga represiva. A esas alturas, más de 10.000 obreros y obreras paraban en solidaridad con la plantilla de Citroën.

Jueves 14

Continúan las manifestaciones y la represión policial. Una carga en la Casa Sindical se salda con varios heridos. La policía llega a entrar en el local del sindicato vertical, pegando incluso a las y los funcionarios.

Continúan las manifestaciones en la calle. Las empresas piden la mediación del Gobierno. Se suman a la huelga Plásticos de Galicia, Forjas del Miñor y unas 13 empresas más. Seis de ellas fueron desalojadas por la policía. Ya son 16.000 los trabajadores y trabajadoras en huelga.

Sábado 16

El transporte urbano circula con protección policial. Los detenidos por los «grises» se elevan a 66. Hay ya 27 empresas en paro.

Miércoles 20

Llamamiento de las empresas para que los obreros reanuden su actividad, bajo amenazas. Al día siguiente, 5.000 trabajadores reciben cartas de despido. Tienen un plazo de tres días para pedir la readmisión y dejar la huelga. Sólo un 10% pide la readmisión. Ferrol se manifiesta en solidaridad con Vigo. Hay 21 detenidos. El ministro de Relaciones Sindicales, García Ramal, anuncia un rápido desenlace del conflicto.

Lunes 25

Los trabajadores de algunas empresas se incorporan a sus puestos. Siguen los despidos de obreros y enlaces sindicales.

### **Organización Obreira e as loitas de 1972 en Vigo**

**Manuel Mera**

Sen dúbida 1972 foi un ano transcendental pra Galiza, un ano en que o movemento obreiro e estudantil, as forzas máis dinámicas da sociedade, puxeron contra as cordas a un réxime acabado: o franquismo. É verdade que despois das folgas de setembro en Vigo a represión desmantelou as organizacións políticas e sociais da oposición clandestina, pero foi unha queda conxuntural, que en troques xerou o alongamento da loita activa a novos sectores da poboación contra a ditadura, que se converterían en enxurrada coa morte de Franco en 1976.

Fálase de abondo do 72 nalguns ambientes, mais son acontecementos descoñecidos para a mocidade e, así mesmo, falta moito por contar, estudar e analizar sobre aqueles momentos e acerca das forzas que interviñeron dun xeito activo nos acontecementos. Unha desas forzas foi Organización Obreira (OO), que tivo unha vida moi curta, pero as mobilizacións do 72 en Vigo non se poden contar sen salientar o seu papel. Ademais, Vigo tivo un papel sobranceiro no medre posterior do nacionalismo no eido sindical. Foi nesta cidade onde primeiro se deu o achegamento entre movemento obreiro e nacionalismo, para alén do anedótico. O xurdir de OO e as súas relacións coa Unión do Povo Galego (UPG) e Galicia Socialista (GS) teñen moito que ver con este feito histórico, que mudaría a historia do nacionalismo e (posibelmente) da Galiza actual. Pero neste artigo quero centrarme en OO, aproveitando para iso as notas que algúns militantes desta organización me pasaron, e outros documentos e textos sobre a época.

### **O pacto pola liberdade**

O movemento obreiro nunca estivo totalmente morto durante a ditadura franquista, nen mesmo nos anos duros posteriores á Guerra Civil. Lembremos as protestas de 1946 en Bazán de Ferrol e Álvarez en Vigo ou a detención en 1948 de dúcias de cotizantes e militantes da CNT. Pero será a partir da apertura que trae consigo o Plano de Liberalización Económica de 1959-61 e a vixencia de leis laborais menos represivas (Lei de Convénios Colectivos de 1958, Regulamento de Eleicións Sindicais de 1960, Decreto Lei de Conflictos Colectivos de 1962), cando se abre un marco que permite a reorganización real da clase obreira, aínda que será dun xeito clandestino, actuando (cando é posíbel) dentro do marco da Central Nacional Sindicalista. En 1958 o PCE dá os primeiros pasos para se implantar en Galiza, pero non será até 1966 cando se poida dicir que hai unhas Comisións Obreiras. En 1968 farase o primeiro encontro a nivel galego, de comisións de fabrica, e en setembro de 1970 a primeira Asemblea Nacional. En Vigo faranse paros en 1962 (coincidindo coa folga de Asturias) e importantes protestas en 1967. Neste último ano houbo mobilizacións na cidade tanto na rúa como dentro das empresas; as reivindicacións eran basicamente salariais. As protestas continuarían durante os anos seguintes.

As Comisións Obreiras, aínda que hexemonizadas polo PCE, estaban integradas por unha militancia moi diversa: comunistas, socialistas, anarquistas, galeguistas, católicos progresistas, ou sinxelamente demócratas que loitaban contra a ditadura. Estas sensibilidades distintas ían coller pulo cando o Partido Comunista se fixo máis dependente das directrices de Madrid, realizou mudanzas de estratexia e foron abríndose maiores espazos para a participación militante. Tamén existía USO, mais tiña unha cativa implantación.

As Xuventudes Comunistas formáranse en 1968, e a elas incorporáranse en 1970 e 1971 Abelardo Collazo e Luís Alonso Riveiro. O primeiro acababa de voltar de Franza, onde estivera emigrado traballando na Citroën (da que foi despedido) e na construción. Pola súa parte Alonso Riveiro era estudante na Universidade Laboral de Xixón, da que sería botado en 1971, pola súa actividade política. Á súa chegada a Vigo é responsabilizado da dirección das XXCC. Ambos os dous eran amigos da nenez, e xa organizaran en decembro de 1970 protestas en Vigo contra o Proceso de Burgos.

As XXCC foron medrando e tiveron un “buldeiro espallamento da organización que axiña chegou a abranguer as fábricas máis importantes de Vigo; dos estaleiros: Barreras, Vulcano, Freire, Ascón, Santo Domingo; do téxtil: Cortemáns, Dreslock, Elcon; da construción: Beyre, Misa e Costas, Termac; de conservas de peixe: Massó, Pescanova; e outras como: Álvarez, Censa, Citroën, Forjas del Miñor, Refrey, Cober, etc.” (1).

A primeiros da década dos 70 o Partido Comunista de España (PCE) dá un novo paso na súa política de illar (a calquer custo) o réxime de Franco co “Pacto pola Liberdade”. Esta viraxe causou moitas dúbidas entre a militancia, especialmente a máis nova, que albiscaba que isto podía rematar nunha substitución da ditadura sen as fondas mudanzas que cumprían (non se trabucaron moito).

Estaba, ademais, como un elemento de afastamento entre o PCE e as XXCC, o problema nacional de Galiza, xa que o PCE non facía traballo práctico sobre o carácter diferencial de Galiza e a loita pola autodeterminación (era unha reivindicación teórica, que remataba no recoñecemento da autonomía). Non sería casual que en abril de 1971 realizasen as mocidades unha manifestación en Vigo á marxe do partido. A manifestación fixérase para conmemorar a Revolución de 1846 e como homenaxe ao patriota Antolín Faraldo, e foi detida unha persoa que portaba unha bandeira galega, Xavier Alonso Salgueiro, polo que era coñecido nos ambientes nacionalistas como o “mozo da bandeira”. Sería condenado polo Tribunal de Orde Público (TOP). Sobre o particular dirá Luis Alonso Riveiro, nunha entrevista realizada por Teima en 1977: “E, falando de nacionalismo, lembro agora que a primeira manifestación deste tipo que se fixo en Vigo nos últimos corenta anos estivo preparada e convocada polas Xuventudes Comunistas, onde militaba Abelardo Collazo e mais eu a principios desta década. A manifestación fixérase para conmemorar a Revolución de 1846 e como homenaxe ao patriota Antolín Faraldo”.

De vagar van medrando as diferenzas co PCE, xa que no verán de 1971 as XXCC pronúncianse contra a participación nas Eleccións Sindicais “porque sustentan unha institución que non agrupa nengun obreiro e só serven para reprimilos” (2). Así mesmo, ese ano suceden dous feitos que terán transcendencia:

- Por unha banda, realízase unha reunión entre a dirección do PCE e as XXCC, das que sae un acordo polo que se integra a Hierro Chomón (de orixe basca, traballador de Barreras) no Comité Central do PCE de Galiza, e a Abelardo Collazo no Comité Local de Vigo. Deste xeito preténdese salvar as fendas existentes entre as dúas organizacións.
- Por outra parte, Alonso Riveiro que estaba facendo o servizo militar en África contacta cun antigo camarada do PCE, que agora milita en OM-LE (Organización Marxista-Leninista de España). Este é un partido “nacido en Franza, entre exilados e emigrados, cun carácter radical e pro-chino (3) (...) nacera cando, cos acontecementos de París de 1968, se xuntaron exilados do Partido Comunista Marxista-Leninista e do Partido Comunista de España (Internacional)), que pretendían reconstruír o PC” (4). A partir desta relación ábrese un contacto entre algúns membros das XXCC e a OM-LE que se manterá até a desaparición de OO. Engádese así, ademais dos

enfrentamentos obxectivos coa dirección do PCE, un factor subxectivo externo, polo que a ruptura é cuestión de tempo.

### Nace Organización Obreira

Nas eleccións a enlaces e xurados de empresa de 1971, máis estar en suspenso o artigo 18 do “Fuero de los Españoles” o que supuña todo tipo de atrancos ás reunións, CCOO acadaría un importante avance: “con estes resultados demostrouse que máis a represión as Comisións non perderan o apoio conseguido en 1966, senón que avanzaran moito, pasando a controlar a maioría dos xurados das grandes empresas de Galicia” (5). En novembro de 1971 as Comisións Obreiras realizaron a “2ª Asemblea Nacional de Galicia”, onde se evidenciou o aumento da militancia e o maior nivel de coordinación existente, xa que asistiron traballadores das catro provincias. Segundo Gómez Alén “a madurez teórica conseguida permitiulles asumir a especificidade nacional de Galicia e realizar unha fonda análise económica, que os levou a sinalar que a situación de Galicia era dunha nacionalidade oprimida e discriminada, e como consecuencia disto presentaba un atraso económico e social considerábel respecto ao resto de España” (6). Había polo tanto a esta altura un peso importante (nas grandes empresas) da oposición ao franquismo e unha coordinación, tanto a nivel de Galiza como local.

No caso de Vigo esta coordinación entre traballadores das distintas factorías facíase a través da INTER. Existindo dentro do PC, como xa se dixo, dúas sensibilidades, tanto ao respecto do Pacto pola Liberdade como sobre a cuestión nacional de Galiza, que se manifestaban a cotío e ían a máis. Sería nunha xuntanza da INTER a finais de 1971, en Vilar, no soto sen luz dunha casa na estrada que vai de Peinador a Redondela, onde se reuniron entre outros: Waldino Varela, de Vulcano; Xaniño; Manuel González Andrade e Ramón González Costa, de Barreras; Xosé Anxo García Méndez, de Freire; Isidro Gómez Montes e Xesus Chaves, de Citroën; Juan Benavides, por Aunaval... (Segundo contan militantes de OO) Na reunión houbo palabras fortes entre as dúas tendencias que xa había daquela en CCOO. Todo encetou cando Waldino e Benavides acusaron de divisionista a Xosé Anxo García Méndez que propuña que se debaterá nas fábricas sobre o “Pacto pola Liberdade” e a folga que estaba a preparar o PC. Os militantes de OO entendían que folga si, pero “tomando e dirixindo a loita na rúa, dimisións de cargos sindicais para reforzar a folga, loita á marxe dos cargos legais” (7). Xosé Anxo espetoulles que eran uns traidores. Producíronse máis insultos e palabras fortes e empurróns. Esta foi a ruptura real, mais non a orgánica. Aínda que, na práctica, comezou a se facer desde aquela política afastados, por unha banda o PCE e pola outra OO.

A ruptura definitiva (pública) produciuse posteriormente na asemblea do Alto de San Colmado, preto de Zamáns. Era un frío domingo pola mañá, no mes de xaneiro de 1972. Entre os piñeiros xuntáronse preto de 120 militantes do PCE, XXCC e OO. Alí ficaron patentes as diferenzas. Por parte da liña oficial do PCE faláron, entre outros, Waldino, Benavides, Andrade e Vaqueriza. Intervencións que foron rebatidas desde as filas dos que se opuña ao “Pacto pola Liberdade”, por medio de Hierro, Abelardo, Ramón González, Xosé Anxo, etc. Despois dun debate tenso, as persoas críticas coa liña oficial optaron por deixar a xuntanza. Aínda seguiron os “críticos” varias semanas máis organizados en CCOO, até que en abril quedou artellada Organización Obreira definitivamente, aínda que a idea (ou a súa xestión) viña desde outubro de 1971, aseguran os militantes de OO.

A aposta dos “críticos” non era doada, xa que CCOO era unha organización sindical consolidada desde había anos nas grandes factorías de Vigo e cun gran prestixio. E contaban ao seu favor cun núcleo de mozos entusiastas, algúns membros do partido con peso (Manuel Pousada, Hierro Chomón, Ramón González Costa), e unha postura máis radical fronte aos problemas laborais (que recoñecía o sentir dunha parte importante da clase obreira nese momento), así como un maior vencello á realidade do país. A súa primeira proba de lume vai ser a solidariedade coa loita dos traballadores da Bazán en Ferrol, por mor dos acontecementos do 10 de Marzo, nos que a policía franquista asasinou a dous traballadores e feriu a varias dúcias máis. Non parece casual que OO se presente en “público” en abril dese ano, unha vez que pasaron os paros e mobilizacións de solidariedade, nos que se fixeron notar nas manifestacións.

### Os primeiros pasos

Unha vez que se coñecen os graves feitos de Ferrol principian as reunións entre as dúas ponlas nas que estaba fendida CCOO, xa que OO aínda non aparece con claridade como unha alternativa á marxe, senón que semella máis unha tendénci interna, que algúns pensan que aínda se pode reconducir. Desde o día 11 até o 16 realízanse paros nas empresas máis importantes da cidade, e os militantes de OO (moito máis activos) acadan un certo protagonismo. Por exemplo na manifestación convocado por CCOO na Porta do Sol na que OO gaña a dirección; isto alenta o nacemento público da nova organización sindical, ao que hai que sumar: as diferenzas coa dirección de CCOO e o PCE no xeito de levar a loita e a oposición ás negociacións que se realizan co Gobernador civil para rematar o conflito.

En abril deuse unha nova loita nunha pequena empresa, Talleres Kober, adicada a montaxes e reparacións eléctricas, cun cado de persoal de 35 traballadores. As condicións laborais nesta factoría eran penosas, tanto en materia de seguridade e hixiene como na falta de recoñecemento das categorías. Un dos peóns, canso desta ilegalidade, xa que facían traballos de oficial, negouse a seguir realizando tarefas que non lle correspondían, polo que foi despedido. Ante esta represión, os demais pararon. Despois de 17 días de folga, a patronal cedeu, conseguindo non só evitar o despedimento, senón aumento salarial para todas as categorías, e mellores condicións de seguridade. Á fronte desta loita estaban tres militantes de OO, o que lle deu máis azos á recén nacida organización.

En Maio comeza un conflito que se alongaría a outras empresas da cidade. Neste caso a muxica chouta en Barreras por mor do convénio. O conflito alongárase desde o 9 ao 31 de maio. Durante esta xeira houbo paros totais na empresa, que se estenderon a outras de Vigo por solidariedade, ate abranguer a perto de 8.500 persoas (incluíndo Citroën). Durante esta loita –na que destacou Ramón González Costa, militante de OO–, houbo manifestacións, “saltos” e corte de ruas con obxectos diversos. Pretendíase con estes métodos evitar a represión das FOP (Forzas de Orde Pública), que mallaban e detiñan a moitos operários nas protestas e mobilizacións.

### Consolidación organizativa

Ao remate dos conflitos de Talleres Kober e Barreras OO atinxira un amplo predicamento entre a clase obreira de Vigo e acadaba unha maior homoxenización interna, aumentando a confianza nos seus dirixentes. Ademais contaba cun voceiro "Organización Obreira" do que sacou 9 números (desde outubro de 1972 ate xaneiro de 1974), e no Salnés editaba un boletín dirixido ao sector do mar, chamado "O Noso Mañán". Existía unha estrutura formada por unha dirección (Comité Executivo) e varios Comités de Zona, onde se integraban células de militantes e simpatizantes. Tiña un aparato de propaganda (que seica fora pasado por Moncho Reboiras da UPG), a cargo de Xil Araújo, que foi detido casualmente durante a folga de setembro; na comisaría mallaron nel moi duramente.

Resulta pouco doado saber cantos militantes había en Organización Obreira (hai moitas versións), pero serían aproximadamente un cento, o que era unha cifra importante na época, máxime tratándose de persoas moi activas. Algúns militantes cos que falei indican que había tamén organización noutras cidades e vilas do país, xa que OO tiña a pretensión de ser unha estrutura nacional e non local. Á altura de Maio de 1972 había en Vigo un Comité central integrado por 10 persoas e 3 Comités de zona (Travesas-Bouzas; Teis; Cabral-construción). A maior parte dos militantes eran traballadores mozos, non poucos estudantes. A maioría eran homes, pero tamén había mulleres, como Mara, de Álvarez, Pilar, de Dreslock, Lolí Miguez (de Coia) na Artística ou Aurora Pereira Caride na Metalúrxica, Pilar Novoa, etc.

Cando a aparición de OO, ou ao pouco tempo, nace a OM-LG (Organización Marxista-Leninista de Galicia); esta organización quería ser o partido onde se nucleasen os militantes máis politizados. Reproducíase deste xeito o esquema organizativo tradicional dos partidos de esquerda. Ademais de militantes das Xuventudes Comunistas incorporáronse á OM-LG e OO militantes do PCG-PCE (Hierro, Manuel Pousada Covelo, etc), e persoas que estaban á marxe do Partido Comunista. A OM-LG foi recollendo en varias etapas (próximas no tempo) a outros militantes do PCG-PCE. “Moitos deles decidiron entrar na OM-LG na asemblea no monte de San Andrés; esta reunión foi presidida por Carlos Santiago”.

### A folga xeral de setembro

Moito se ten falado de como e por que encetou o paro en Citroën en setembro de 1972, que sería a causa da gran folga xeral que durante dúas semanas axitou a cidade de Vigo, e fixo que os ollos de moitos demócratas no mundo se fixasen en Galicia. Así, mentres que desde OO se indica que foi unha montaxe do PCE para afortalar a súa política de reconciliación de clases e pacto pola liberdade, desde CCOO dan-se motivos exclusivamente laborais, que son retrucados desde OO co argumento de que durante a negociación do convenio en decembro de 1971, que rematou cunha norma de obrigado cumprimento, non se fixo presión nengunha sobre un tema que meses despois ía ser a causa dun “paro á brava”.

O día 8 apareceron pola fábrica panfletos asinados por Comisións Obreiras convocando a unha folga ao día seguinte, indicando que non se tiña que traballar o sábado á tarde. O paro foi parcial, pero a empresa despidiunos a cinco traballadores. Esta actitude represiva axuda á unidade de acción entre OO e CCOO e estende a folga a outras empresas da cidade. Ese mesmo día sumáronse varias fábricas á folga: Vulcano, Satodomingo, Álvarez, Artiscar e Barreras. Ou sexa, sobre 10.000 traballadores en paro.

A folga acadaría a súa máxima amplitude os días 14, 15 e 16, nos que a prensa fala de 14.000 e 15.000 traballadores en paro. O Faro de Vigo do día 15 de setembro afirma “o número de obreiros vigueses en folga aproxímase aos 15.000 e non hai solución inmediata... empresarios e traballadores do metal chaman á normalidade laboral”. Mesmo algun medio no exterior eleva esta cifra a 27.000 operarios en folga, como a prensa argentina. O día 16 o paro era xeral “no sector industrial e esténdese a diversas empresas da bisbarra de Vigo. A unidade e o papel que xogaron as asembleas permitíron-lles aos traballadores manter vivo o conflito máis tempo apesar da represión que se manifestaba en detencións de obreiros e enlaces e na dureza das cargas da Policía Armada” (8).

Durante o paro houbo manifestacións diarias, a policía (os grises) actuou cunha gran contundencia e foi reforzada por “especiais” e gardas civís vidos dos concellos máis próximos. Houbo situacións nas que se chegaron a contar até 31 jeeps (martes 19 nas portas de Citroën), e un gran despregue de efectivos. A medida que aumentaba a represión, e a policía tomaba as ruas e portas das empresas, o movemento obreiro optou máis polo “salto” e a construción de barricadas. Era un tipo de loita na que se movía mellor a militancia de OO. Había un Comité de Folga formado principalmente por militantes desta organización, pero tamén da UPG e independentes ou afiliados a CCOO que estaban á marxe da disciplina do PCG-PCE. Neste conflito (e os anteriores) xogaron un papel importante un grupo de avogados progresistas (Randulfe, Elvira Landin, Álvarez Gándara) e o Movemento Democrático de Mulleres de Galicia (MDMG).

O día 20 foi detido Casimiro Xil Araújo; di sobre o particular o documento de militantes de OO elaborado en 1979:

“Por casualidade descobre a policía esa noite o aparato de propaganda de OO. O compañeiro que o tiña traballaba de camareiro e chegaba tarde á casa, un ático na Travesía de Vigo. A policía parouno e pediulle o DNI, perto da casa; como non o tiña foron con el á casa. Alí atoparon o aparato de propaganda. Levárono a Comisaría e permaneceu detido. Estivo 11 días durante os cais mallaron nel e torturárono, sen que fosen quen de lle quitar nada en limpo, pois o seu único contacto era un membro do Comité Central de OO. Ademais ao saber a organización que estaba detido rachou toda relación, polo que non puideron avanzar as investigacións ao resto de OO”.

A medida que pasan os días a ocupación policial é máis efectiva.

Especialmente despois do 14 de setembro, no que chegan a Vigo dúas bandeiras da Policía “especiais” e uns 500 garda civís chegados dos arredores. A folga vai perdendo forzas, e os “saltos” e “barricadas” son cada vez menos; varios militantes de OO caen detidos e outros pasan á clandestinidade ou foxen. Todos os testemuños coinciden en que a “secreta” (a Brigada Político-Social, na que salientan Waldo Lopez Mazaira, Otero, Rivera, Pardavila, Nieto, “Caño”...) “ten como obxectivo eliminar os dirixentes máis combativos e incómodos, ou sexa a aqueles que

integraban Organización Obreira, polo que será a organización onde peta máis forte a represión"(9), aínda que tamén haberá outras forzas afectadas, xa que serán detidos militantes de Comisións, UPG, Galicia Socialista, etc.

O paro xeral alongouse até o día 26, cando Vulcano voltou ao traballo; un día antes xa o fixera Citroën. Salienta este paro: pola solidariedade acadada e a súa extensión á maioría das empresas da cidade; o peche patronal e envío de cartas de despedimento, até 6.000, que quedarían ao final en preto de 400. Destes últimos: 37 en Citroën, 27 en Álvarez, 22 en Vanosa, 19 en Barreras, 12 en Ascón Ríos, 11 en Vulcano, 10 en Freire, 9 en Censa, etc.

Desta loita obreira exemplar, por riba dos erros de apreciación sobre se era ou non o momento de iniciala, destaca a amplitude de convocatoria na clase obreira de Vigo e a capacidade dun extenso sector da vangarda para tomar as ruas, mediante "saltos" e construción de barricadas. Resulta ademais significativo tamén o apoio acadado nunha parte considerábel da poboación "a policía cargou contra os traballadores, tendo que refuxiarse no Mercado de Teis, onde entraron os grises a desaloxalos, sendo recibidos cunha chuvia de peixes e froitas guindadas polas mulleres, en solidariedade cos obreiros parados; sobre diir que tamén mallaron nas mulleres"(10).

### A desfeita

A represión apura o desmantelamento de OO e da OM-LG, que xa tiña daquela importantes diverxencias internas. Pódese dicir que había dúas grandes tendencias, a dos que pulaban reconstruír o Partido Comunista, e integrarse en OM-LE (Organización Marxista-Leninista de España), e a daqueles que estaban por manter e potenciar unha organización nacionalista, e que concidindo nisto coa UPG buscaban a unidade de acción e orgánica con este partido, co que xa fixeran mobilizacións conxuntas en agosto do 72... sentíanse estes militantes de OO e da OM-LG como o núcleo de clase desde o que construír un partido e un sindicato netamente galegos. Ademais a UPG tiña algun predicamento entre sectores da mocidade máis inqueda, e Moncho Reboiras mantiña relación con militantes das Xuventudes Comunistas e do PCG-PCE, como Alejandro López Vilas (que con Abelardo Collazo organizara a Asociación Cultural de Teis). Non será casual que a UPG e OO fagan manifestacións conxuntas durante a folxa xeral de Vigo.

Había outras correntes menores, mesmo individuais, que xurdiron con forza cando rematou a folga de setembro do 72, que estaban pola volta a Comisións ou a incorporación a outros partidos de ámbito estatal.

Segundo a historia oficial do PCR (nome que collería a OM-LE), o primeiro contacto coa OM-LE dá-se de xeito casual, por meio de Alonso Riveiro, cando este facía o servizo militar en África. Un ex camarada do PCE, agora militante da OM-LE, serviría de canle. Este contacto, documentos e libros enviados posteriormente, e o engado que unha alternativa máis á esquerda parecera ter para os irmáns Collazo e Hierro Chomón abriu o camiño. Segundo este mesmo texto, durante os primeiros meses de 1972, cando as relacións co PCE estaban máis tensas, será Abelardo Collazo o responsábel de manter os contactos. Desde esta versión, a entrada na OM-LE (Organización Marxista-Leninista de España) sería algo natural e planificado, que contaba cun amplo consenso en OO.

Aínda que Ribeiro e os irmáns Collazo afirman que a OM-LG non era máis que a versión galega da OM-LE, hai militantes que din que isto non é máis que unha casualidade (málla que a OM-LE foi quen quedou cos restos da OM-LG ao autodisolverse OO en xuño de 1974), xa que se lle chamara así no seu día sen ter en conta isto e mesmo sen coñecer a existencia deste partido estatal. Concretamente, sobre este tema outros militantes de Organización Obreira consultados, como Xosé Anxo García Méndez (que foi Secretario de OO), dician que esta era unha organización comprometida desde un principio coa problemática nacional de Galiza, e que as relacións coa OM-LE eran unhas máis(11). Outro tanto opina Xesus Chaves, que argumenta: que en todo caso abonda con ver cantos militantes foron para cada unha das organizacións... OO esgallou en dúas metades e, ademais, algúns voltaron a CCOO e outros deixaron de militar. Esta apreciación de Chaves, que traballaba en Citroën en 1972 (despedido pola empresa en represalia) parece ser a máis atinada.

Tampouco coinciden as informacións (entre uns e outros) sobre o momento no que principian as relacións coa



OM-LE e até que ponto son coñecidas por toda a militancia ou só unha parte dela. Mentres que algúns din que veñen de 1971 e eran moi intensas en 1972, outros afirman que eran persoais e na maioría da militancia mirábanse de esguello. De todos os xeitos, a finais de 1972 e primeiros de 1973, máis que un correspondente que enviaran a Vigo para seguir a folga ameazou con cortar as relacións por mor de que non lle facían moito caso, un sector numeroso opta por integrarse na OM-LE (Xil Araújo, Hierro Chomón –que estivo na cadea desde marzo até novembro do 72 por queimar un autobús–, os irmáns Collazo, Ribeiro Alonso, etc.). Outro grupo, tan importante como o primeiro ou máis, continuará intentando recuperar a organización. Deste último sector daranse moitas incorporacións en 1974 e 1975 ao SOG e á UPG (García Méndez, Duarte, Xesús Chaves, Manuel Pousa, Ramón González, etc). García Méndez tiña como alcume “Óscar” en OO, no que tivo en papel de dirección así como na OM-LG, e “Felipe” no SOG e UPG. Méndez foi o primeiro detido por distribuír propaganda coas siglas de OO e botaría dous anos na cadea.

O certo é que, nalgún intre comezaron a conviver en OO dúas culturas, ou xeitos, de ollar a situación nacional (aínda que ambas as mensaxes falasen de autodeterminación e da problemática específica galega), e foron abríndose dous camiños. Sen dúbida, a diferenza estaba no xeito de entender a autoorganización da clase obreira e do pobo galego.

Dos activistas que se integraron na UPG unha parte retornaría ao PCE(R) unha vez que encetou a transición e a UPG decide abandonar a clandestinidade. Houbo un gran debate sobre esta decisión, e varios militantes que proviñan de OO (aínda que non exclusivamente) argumentaban que isto nos ía colocar en mans da represión.

Mesmo hai militantes que apoian nos debates internos a alternativa de voltar a Comisións (como Pío Moa), ou que retornan axiña ou nos anos seguintes a este sindicato e ao PC (Antonio e Xosé Cameselle, etc). Uns poucos intégranse noutros partidos de esquerda (na LCR, por exemplo, con Xulio Villot facendo de contacto), e outros deixan a militancia activa. Non se pode esquecer que varios militantes son detidos e outros foxen ou pasan á clandestinidade a finais de 1972, e o desartellamento permite que cada un leve auga para o seu muíño sen que haxa unha ruptura formal. Por iso hai tantas versións, e todo indica que desde a OM-LE (PCR) se buscou en OO e OM-LG unhas orixes que a permitiran aparecer como continuadores (en exclusiva) do prestixio acadado en toda Galiza durante un ano tan rico en loita social.

### Conclusión

Organización Obreira (OO), máis que unha estrutura político-sindical que durou moi pouco tempo, foi importante na historia do país e do nacionalismo (e non só do sindical) porque foi un estoupido no que daquela era non só o sindicato de clase hexemónico (e o partido), senón que incuestionábel, tanto pola súa traxectoria como por contar cunha militancia curtida e que exercía o liderato nas empresas. Organización Obreira nacia das entrañas de Comisións Obreiras; era unha revolta ante a postura dunha dirección pouco sensíbel ao tema nacional e que abandonaba cada vez máis a loita por un cambio social e político profundo (Pacto pola Democracia). De aí que, aínda que OO fracasou no seu intento de construír unha nova organización, política e sindical, axudou a abrir camiño para que a Unión do Povo Galego e o Sindicato Obreiro Galego tivesen un espazo importante dentro da clase obreira.

Foi, así mesmo, unha escola de cadros que foron fundamentais na loita posterior contra a ditadura e na primeira década da transición. Moitos deles aínda seguen en activo. De entre eles quixera lembrar especialmente a aqueles cos que máis tratei: Anxo García Méndez, morto hai moi pouco e do que se falara no seu día como proposta para secretario xeral da ING; Óscar Duarte, traballador de Vidrios La Florida, militante do primeiro intre no SOG, tamén falecido hai poucos anos; Xesús Chaves ("Castelao"), dirixente do SOG en Vigo, traballador do metal; e Ramón González, traballador do naval e dirixente en Barreras durante aquela etapa.

O ano 72 foi un punto de inflexión na loita social e política en Galiza contra a ditadura franquista, na que Vigo xogou

un papel sobranceiro. Unha xeira que non se pode esquecer, que cumpre revisar e lembrar, porque está unida ás nosas vidas e ao noso futuro. É unha etapa que, como todas, pode ter (e debe ter) moitas olladas; esta é unha delas.

Manuel Mera.

Anexos:

## Alguns datos da Galiza dos 70

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_alguns\\_datos\\_da\\_galiza\\_dos\\_70.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_alguns_datos_da_galiza_dos_70.htm)

## Marzo do 72: mobilizacións en solidariedade con Bazán

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_marzo\\_do\\_72.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_marzo_do_72.htm)

## Conflito en Talleres Kober e Barreras

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_conflito\\_en\\_talleres\\_kober\\_e\\_barreras.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_conflito_en_talleres_kober_e_barreras.htm)

## A folga de setembro en Vigo

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_a\\_folga\\_de\\_setembro\\_en\\_vigo.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_a_folga_de_setembro_en_vigo.htm)

## Feitos históricos previos a 1972

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_feitos\\_historicos\\_previos\\_a\\_1972.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_feitos_historicos_previos_a_1972.htm)

Notas:

(1) Do apartado "La fusion de los comunistas gallegos con la OM-LE" do libro "Historia del PCR y de los Grapo".

- (2) De "La fusion de los comunistas gallegos con la OM-LE".
- (3) Do documento elaborado por ex-militantes de OO.
- (4) Entrevista en Teima a Alonso Riveiro.
- (5) As CCOO de Galicia, de Gómez Alén.
- (6) As CCOO de Galicia" de Gómez Alén.
- (7) De "O Grapo conta a sua história", A Nosa Terra nº 174.
- (8) As CCOO de Galicia, José Gómez Alén.
- (9) Do documento elaborado por miliantes de OO.
- (10) Documento elaborado por militantes de OO.
- (11) Xosé Anxo Garcia Méndez, xogaria un importante papel na formación do Sindicato Obreiro Galego (SOG). Morreu hai poucos anos.

## Entrevista con Xesús Chaves

Manuel Mera-

Información tirada dunha entrevista realizada en A Nosa Terra en 1997, nº 769

Cal é a valoración que realiza das loitas de 1972?

Mudan o curso da historia, tanto política como sindical, no noso país. Até daquelas existía un monopólio total do PCE e de Comisións Obreiras, eran os motores do movemento obreiro. As únicas alternativas que se daban á situación que vivía Galiza eran as estatais. Para facerlle fronte á ditadura a alternativa era totalmente pactista, logo de que o PCE asinase coa burguesía, máis ou menos moderada, o seu famoso Pacto pola Liberdade. Esqueceran tanto o PCE como CCOO todos os principios de loita no mundo do traballo en función dos seus intereses políticos. Por outra banda, negábanse a recoñecer que existía Galiza como tal, cuns problemas concretos. Eu comecei a militar en Comisións en 1966, na Citroën, e en 1971 axudei a fundar Organización Obreira.

A anterior análise foi a que levou á ruptura en Comisión Obreiras?

Os elementos máis combativos, diría que tamén máis lúcidos, saíronse tanto de CCOO como das Xuventudes Comunistas e formaron Organización Obreira. Esta foi a vangarda das loitas posteriores, nomeadamente as de 1972. Organización Obreira naceu con afán de lanzar á sociedade alternativas nidiamente galegas. O motor foron as Xuventudes, pero era a xente máis representativa dos estaleiros e das grandes fábricas, por iso, na práctica, podemos superar as alternativas do PCE e CCOO.

Por que cualifica de loita fantasma a de Setembro?

Naceu para reivindicar ou non traballar os sábados á tarde, cando había pouco tempo que se asinara o convenio. Só deron arrastrado unha nave de Citroën. A represión da patronal levou a que se decretasen once despedidos simultáneos. Ese foi o verdadeiro detonante do conflito e cando verdadeiramente se puxo en marcha Vigo e en pé de guerra durante dúas semanas. A poboación solidarizouse cos folguistas en moitas ocasións. A forma de actuar do sistema franquista fixo que a xente se puxese ao noso favor. Non foi unicamente un conflito laboral. Houbo un estado de excepción práctico. Lémbrome, por exemplo, da solidariedade das peixeiras.

Cando racha a folga, moitos tivemos que fuxir, outros moitos foron á cadea e, moitos máis, represaliados laboralmente. Pasei un ano no estranxeiro. Cando voltei, entrei a traballar nunha contrata en Barreras e, ao pouco tempo, contacto coa xente do SOG e entro a militar tamén na UPG.

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_entrevista\\_con\\_chaves.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_entrevista_con_chaves.htm)

## A manifestación do día 14 na Porta do Sol

Manuel Mera-

Información tirada do Terra e Tempo, voceiro da Unión do Povo Galego (UPG)

Para o día 14 fora convocada unha manifestación na Porta do Sol, á cal acudiu o povo de Vigo en número próximo aos dous milleiros, algo moi importante, xa que foi a cifra máis alta que se ten dado até hoxe.

Os berros que se deron eran: “asasinos”, “estamos co Ferrol”, etc. Foron concentrándose no meio da praza unha morea de policías traídos especialmente desde Valladolid, nunha cifra de 200. Cargaron durante horas, polo que tiveron tempo –“os grises”– de mallar en vellos, mulleres con nenos no colo, etc.

Segundo a información que nos chega foron detidas unhas 17 persoas... Hierro Chomón foi detido nunha manifestación posterior fronte á Casa Sindical. Por non pagar unha multa de 50.000 pesetas está cumprindo condena. Abelardo Collazo Araújo e Ánxel Collazo Araújo foron detidos no mesmo lugar que Chomón e por pagar canda as súas multas de 50.000 ptas están a cumprir cadea...

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_a\\_manifestacion\\_do\\_14\\_na\\_porta\\_do\\_sol.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_a_manifestacion_do_14_na_porta_do_sol.htm)

## A estrutura de Organización Obreira

Manuel Mera

A estrutura de Organización Obreira (OO), unha vez realizada a escisión, era a seguinte:

O Comité Central estaba formado por: Abelardo Collazo (Alfonso); Antonio de “Barreras” (Napo); Ramón González (Valentín); Manuel Pousada; Luís Alonso Riveiro (Ponte); e Hierro Chomón (Julián).

A Fronte Militar (unha estrutura de carácter defensivo): Abelardo Collazo e Hierro Chomón.

Axitación e Propaganda: "Napo" (o aparato estaba baixo o control de Xil Araújo, que mantiña relación exclusiva con Abelardo Collazo).

CZ1: "Valentín"; Xesús Chaves (Castelao); Xosé Ánxel García Méndez (Óscar); Feijoo ("Issac", un estudante). Esta zona contaba con tres células: Barreras, 7 militantes; Citroën, 3 militantes; Freire, catro militantes. E un subcomité, con tres células: de bairros, 4 militantes; de estudantes, 10 militantes no Inst. Feminino, Inst. Masculino, Calvário e a Guía; unha célula de talleres, con Baena Made e "Juan".

CZ2: "Alfonso", Carlos Santiago e Suso. Estaba integrada por tres células: Vulcano con 3 militantes; Ascón con 2 militantes; e Reyman con 1 militante.

CZ3: Mara, Ánxel Collazo (Foucellas), Zazo. Esta zona contaba con dúas células: Álvarez, 4 militantes; da construción, con "Alfonso", "Foucellas", Zazo e "Julián".

En total pouco máis de 50 militantes, pero que estaban situados nas principais factorías da cidade. Por outra banda, daquela a xente organizada era exclusivamente a vangarda.

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_a\\_estrutura\\_de\\_organizacion\\_obreira.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_a_estrutura_de_organizacion_obreira.htm)

## A estrutura militante de Organización Obreira no verán de 1972

Manuel Mera

A finais de maio Organización Obreira (OO) xa era unha forza que dobrara en activistas e presenza social desde a ruptura con Comisións Obreiras. Moitos dos militantes, especialmente os responsábeis de célula, eran membros do Comité de Empresa onde traballaban.

Daquela a metade dos xurados era elixida polos operários e a outra metade pola empresa. "A representación dos obreiros estaba copada por CCOO e OO, á parte dalguns 'independentes' ligados a grupos cristiáns ou galeguistas cunha incidencia cativa".

Comité Central: 10 persoas, incluído o responsábel de propaganda e Fronte Militar.

Comité Zona 1: (Zona Travesas-Bouzas): 5 responsábeis.

Neste Comité están as células de Citroën, Freire, Barreras, Kober e un subcomité onde estaban integrados os militantes dos pequenos talleres e bairros.

Célula Citroën: Responsábel Castelao: 4 militantes; unha subcélula de 10 simpatizantes, e 3 coches a disposición de toda a organización, que se empregaban mesmo en accións de tipo militar.

Célula de Freire: responsábel Óscar, 4 militantes; unha subcélula con 4 simpatizantes.

Célula de Barreras: responsábel Valentín, 6 militantes; dúas subcélulas cun total de 12 simpatizantes.

Célula de Kober: responsábel Laracho, 3 militantes; unha subcélula con 2 simpatizantes.

Subcomité de Zona: responsábel Isaac, 1 célula de estudantes (Instituto Masculino, Feminino das Travesas, A Guía, Calvário), 1 célula de pequenos talleres, 1 célula de barrios.

Comité de Zona 2: Zona de Teis, 3 responsábeis.

Célula Vulcano: Responsábel Sebastián, 2 militantes; unha subcélula con 3 simpatizantes. Os militantes de OO estaban en contratas, xa que o PC mantiña a súa hexemonia.

Célula de Ascón: responsábel Carlos, Santiago, 2 militantes; unha subcélula con 4 simpatizantes.

Célula de Reyman: había nela 4 militantes. Distinguíase esta empresa pola súa solidariedade.

Comité de Zona 3: (Cabral, Construción).

Célula de Álvarez: responsábel Mara, 2 militantes; 1 subcélula de simpatizantes.

Célula construción: 5 militantes (Termac, Dragados), 3 subcélulas de simpatizantes.

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_a\\_estrutura\\_militante\\_de\\_oo\\_veran72.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_a_estrutura_militante_de_oo_veran72.htm)

## Conversa con Luís Alonso Riveiro

Manuel Mera

Información tirada da revista Teima

A OMLG –comenta Riveiro– naceu da converxencia de dous grupos que, esquematicamente, se poderían chamar, respectivamente, liña política e liña militar daqueles mozos comunistas. O primeiro estaba composto pola totalidade da xuventude comunista galega: Éramos un verdadeiro partido paralelo ao seo mesmo do Partido Comunista de Galicia e levábamnos adiante estudos sobre o marxismo-leninismo e coa combinación de acción violentas. Levábamnos adiante, mesmo, o castigo de esquiros durante a folga xeral. O grupo militar, pola súa banda, tamén nacera de elementos á esquerda de Carrillo e para levar adiante, tamén, sistematicamente, o castigo de esquiros. Esta segunda liña foi a que destruíu, xusto despois do proceso de Burgos a fins do ano 1970, antes de se xuntar connosco, dous jeeps e un autobús da policía diante da comisaría na rúa de García Barbón, acarón da igrexa de Santiago de Vigo. Nesta acción caíu Hierro Chomón, que agora mesmo anda fuxido.

O cúmulo do PCG –subliña Riveiro– cheganos a ofrecer postos e distintos cargos para que non se consolidase a

escisión. A Hierro Chomón, por exemplo, nomeárono membro do Comité Central do PCG nun intento de integrar a corrente esquerdista do Partido. Pero non lles valeu de nada... En xaneiro de 1972 nacia a OM-LG, e meses despois no Nadal, fusionábase coa OML de España, criándose un só comité de dirección.

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_conversa\\_con\\_luis\\_alonso\\_riveiro.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_conversa_con_luis_alonso_riveiro.htm)

# Conversa con Ramón González Costas

Manuel Mera

Alguns anacos dun longo texto de lembranzas sobre a época e OO, por Ramón González Costas

Mira, o barrio de Teis tivo un gran protagonismo daquela; ali vivían Moncho Reboiras, os irmáns Collazo, Abelardo e Anxo, Alonso Riveiro e Pepiño (Xosé González)... Abelardo Collazo e máis Alejandro López Vilas organizaron a Asociación Cultural de Teis... Alejandro foi unha persoa clave para OO e para OM-LG; nunca militou na OM-LE. Aproveito para che dicir que Xosé Anxo García Méndez foi o primeiro condenado por repartir propaganda de OO na Porta do Sol, na que se denunciaba que os "grises" (policía) deixaran cega a unha estudante en Compostela na loita de xaneiro-febreiro dese ano.

Facíamos o xornal denominado "Organización Obreira" que chegou até o número 9, desde outubro do ano 72 deica xaneiro do ano 74; daquela pasou o aparato de propaganda a un piso franco en Marín, até xuño do ano 74, que é cando as OO se autodisolven... A OM-LG pregouse e foron absorbidos pola OM-LE os poucos militantes que quedaban, e aínda mantiñan as siglas... A OM-LG tiña un xornal que se chamaba "Setembro Roxo" que desapareceu coa integración na OM-LE.

Foron moitos homes e mulleres de OO que tiveron que tiveron que fuxir para Alemaña e Franza despois das folgas de setembro en Vigo, a traballar fóra de Galiza, nas plataformas, nos estaleiros, na construción, en Ferrol, na Coruña, en Asturias, en Madrid, en Barcelona, sendo despedidos en canto o empresario se enteiraba do seu pasado, ao que chegaban ás súas mans as famosas listas negras. Os/as que saíron da cadea, ou ficaron, ou voltaron a Galiza, a Vigo, Ferrol, etc., e colaboraron a organizar o SOG, pasando a ser membros desta organización sindical.

[http://www.galizacig.com/documentos/organizacion\\_obreira/oo\\_conversa\\_con\\_ramon\\_gonzalez\\_costas.htm](http://www.galizacig.com/documentos/organizacion_obreira/oo_conversa_con_ramon_gonzalez_costas.htm)

# Abelardo Collazo Arauxo

<http://www.presos.org.es/ARCHIVOS/caidos.php?idc=0037>